

## AXUDAS PARA ALOXAMENTOS TURISTICOS (TU986B)

DOG Núm. 230 de 2/12/2022. Axencia Turismo de Galicia

DATA REMATE. 2/5/2023

**Contía da axuda.** Debe facerse un investimento mínimo de 5.000€. A axuda máxima será de 150.000€ . As intensidade da axuda será a suma da axuda base e da axuda adicional que lle corresponda segundo Anexo II da convocatoria e pode acadar ata o 90% de axuda

**Beneficiarios/as** Axudas para edificios completos de aloxamentos turísticos (hoteles, pensións, establecementos de turismo rural, albergues turísticos, apartamentos turísticos.) construídos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2007

**Conceptos subvencionables** Actuacións das seguintes tipoloxías:

- a) Mellora eficiencia enerxética da envolvente térmica. (tipoloxía 1)
- b) Mellora eficiencia enerxética e usos de enerxía renovables nas instalacións térmicas de calefacción, climatización, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria; incluída a instalación de redes de calor e frío alimentadas por fontes de enerxía renovables/e ou calor residual para complexos turísticos de varios edificios. (tipoloxía 2)
- c) Mellora da eficiencia enerxéticas das instalacións de iluminación (tipoloxía 3)